

Quen subscribe, D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, e teléfono e correo electrónico a efectos de contacto \_\_\_\_\_, na súa condición de nai/pai/titor/a legal da/o alumna/o \_\_\_\_\_, matriculado no centro educativo \_\_\_\_\_ durante o curso 2020/21

## EXPÓN QUE

A **resposta legal, organizativa e material** dada pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia **á crise sanitaria da Covid-19**, no contexto escolar do curso 2020-21 resulta a todas luces **insuficiente**. Dende o punto de vista das familias, isto xera unha situación de incerteza e perigo, dado que non foron garantidos uns mínimos de seguridade nos centros educativos aos que deben acudir as/os nosas/os fillas/os. Aos cambios de criterio, variacións nos documentos legais de referencia, incoherencias, imprecisións e ambigüidades nas normas establecidas, falta de información veraz e directa ou desatención ás peticións das asociacións de nais e pais —que deben ser tidas en conta—, súmanse o que ao noso xuízo é unha evidente **contravención das normas** de seguridade sanitaria básica que foron establecidas para a poboación en xeral e os espazos de uso público, **de maneira manifesta nas distancias e nos aforos**, así como a **falta de recursos materiais e persoais suficientes para poder executar as normas de seguridade fixadas pola propia Administración** e para garantir que os profesionais que van quedar ao cargo das/os nosas/os fillas/os poidan traballar con eficacia e certificar, na medida do posible, a seguridade física e psíquica dos menores postos ao seu cargo.

Diante desta situación, **négase a asumir calquera tipo de responsabilidade, relacionada coa asistencia da/do súa/seu filla/o ao centro educativo, que teña como consecuencia o contaxio da Covid-19 que esta/e poida contraer ou causar**. O requisito que establece a Consellería de Educación de asinar e entregar unha **Declaración responsable por parte das familias**, comprometéndose a non enviar as/os fillas/os ao centro se se atopan con síntomas compatibles ou se estiveron en contacto con persoas infectadas, atópase fóra de lugar, posto que presupón unha determinada intencionalidade no proceder das familias (que antes que nada procuran o benestar das/os súas/seus propias/os fillas/os) e delega nestas unha responsabilidade que non sempre é posible garantir, habida conta de que os síntomas da/o menor poden aparecer con posterioridade á súa chegada ao centro ou que pode ser asintomática/o. É a Administración a que ten a obriga de garantir ás familias a seguridade dos menores dentro dos centros educativos e, polo tanto, correspóndelle a ela habilitar os mecanismos pertinentes para identificar os posibles casos de infección e, no seu caso, proceder do xeito máis adecuado á situación.

Asemade, **descarga sobre a autoridade dos representantes da Consellería de Educación calquera consecuencia civil ou penal que se puidese derivar da situación anteriormente descrita**, e reserva o dereito a emprender as accións ás que legalmente teña dereito para dirimir as responsabilidades penais de quen fose

mester e **reclamar á administración educativa as compensacións** dos danos físicos, psicolóxicos e/ou económicos que puidesen derivarse das súas actuacións cando a/o súa/seu filla/o ou calquera persoa, dentro ou fóra do ámbito familiar, resultase contaxiado por mor da falta de medidas adecuadas para protexer a súa integridade.

Por último, reclama que, posto que nos atopamos nun sistema educativo público e gratuíto no que existen axudas económicas para a adquisición de libros e materiais, e que é a **Administración** a que establece a obrigatoriedade do **uso de máscaras** dentro da aula, que sexa ela mesma a **encargada de subministralas ao alumnado**, para garantir, deste xeito, a eficacia sanitaria das mesmas en canto á corrección do seu emprego en modo e tempo, e a **igualdade de oportunidades** entre aquelas familias que poden permitirse adquirilas e as que non.

## SOLICITA

A provisión de persoal con competencias sanitarias no centro, para que non recaia no profesorado, que carece dos coñecementos e habilitacións precisos, a execución dunhas tarefas que non poderá realizar con garantías; persoal de limpeza para non deixar nas mans das/os cativas/os a responsabilidade dunha hixiene rigorosa á altura da situación; medios materiais para garantir a asepsia dos espazos e a seguridade do persoal —EPI's, desinfectantes, medios informativos...— para todo o persoal; a habilitación de procedementos rigorosos de detección e tratamento dos posibles contaxios para toda a comunidade presente nos centros; medios didácticos materiais, como os equipamentos informáticos, que lle resultan imprescindibles ao alumnado — e que non todas as familias poden asumir— no ensino non presencial e/ou, de ser o caso, as precisas adaptacións nos horarios, espazos, ratios de alumnado ou currículos que permitan garantir un ensino en seguridade; a adopción das máximas medidas sanitarias —separacións de seguridade, emprego de máscara...— para todos os niveis educativos e, xa que logo, a eliminación dos grupos de convivencia estable para Infantil e Primaria; a garantía da atención ao alumnado con maiores necesidades socio-económicas e educativas —sobre todo ao NEAE— para evitar que queden descolgados; a garantía da prestación dos servizos de comedor e transporte, para que sexan efectivos e seguros para todo o alumnado que os precise; e que, en xeral, dite vostede, ou interceda diante da autoridade administrativa pertinente, para que así o faga, as medidas normativas, organizativas, de provisión de recursos e persoal que sexan necesarias para garantir o benestar e a integridade da persoa da/o súa/seu filla/o.

O cal pon no seu coñecemento e, para que conste, asina

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Asinado D./D<sup>a</sup>

A/A Xefatura Territorial da Consellería de Educación de \_\_\_\_\_

A/A Concellería de Concello de \_\_\_\_\_

A/A Valedora do Pobo